# O HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS.

Vou a  describir e contar algo sobre  o Hostal dos Reis Católicos.



Hostal dos Reis Católicos encóntrase na poboación coruñesa de Santiago de Compostela.

Está situado na Praza do Obradoiro , á carón  da Catedral e do Pazo de Raxoi( actual sede do concello).





Foi construido no século XV por orden dos Reis Católicos, despois da súa visita a Santiago de Compostela.





Mandárono facer para dar acubillo aos peregrinos que chegaban a Santiago. Durante moitismos anos foi o hospital da cidade. En 1954 empezou a funcionar como Parador.

Foi deseñado e construído polo arquitecto real Enrique Egas.



Actualmente é un parador de Turismo( un hotel especial), que serve, como calquera hotel, para que as persoas que visitan Santiago, se queden aí. Considerado un dos  hoteis  máis antigos e tamén un dos máis  luxosos e fermosos.

 Posúe catro claustros de inmensa beleza, elegantes estancias, espectaculares habitacións, un gran comedor e unha capela.





Esta construido en estilo  Gótico Plateresco. Este estilo caracterízase polos adornos que utiliza na súa decoración, como abundantes motivos de  follas, flores ou  froitas que decoran as columnas ou rodean as portas. As formas son  xeralmente moi estilizadas.









A decoración da portada responde ás características do Plateresco, que se pode ver na utilización de elementos decorativos(adornos) italianos. Respecto á parte artística, o proxecto de Egas inscríbese no estilo isabelino, que incorpora elementos tradicionais do gótico flamíxero.

ANA TEJEDOR CRESPO. 3º B

Fotos: Wikicommons.